

SERVIZOS
CENTRAIS

XERENCIA MUNICIPAL DE
URBANISMO

CONCELLO
DE VIGO



**BENEFICIOS FISCAIS E O SEU IMPACTO NA RECADACIÓN
ORZAMENTO 2026**

Emítese o presente informe en relación co establecido no artigo 168.1.e) do Real Decreto Lei 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, na redacción establecida na disposición final primeira do Real Decreto Lei 17/2014, de 26 de decembro, de medidas de sostibilidade financeira das Comunidades Autónomas e entidades locais e outras de carácter económico.

Recóllense a continuación os beneficios fiscais existentes sobre os tributos liquidados e recadados pola Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo, e a súa incidencia nos ingresos de dito organismo autónomo para o exercicio 2026.

Os tributos xestionados pola Xerencia de Urbanismo son en todo caso taxas, e os beneficios fiscais existentes teñen carácter voluntario e están recollidos nas ordenanzas fiscais correspondentes.

TAXA POR LICENZAS DE CONSTRUCCIÓN, OBRAS E INSTALACIÓNS

Previsións iniciais sen beneficios fiscais: 2.087.000,00 euros.

Exención obras na vivenda habitual de persoas que pola súa capacidade económica estean exentas da taxa de lixo: 47.000 euros

Exención obras menores: 20.000 euros.

Bonificación obras nos plans especiais de reforma interior e edificios catalogados: 20.000 euros.

Bonificación obras en Bens de Interese Cultural: 1.000 euros.

Exención obras acollidas a Programas de Rehabilitación de Vivenda: 49.000 euros.

Bonificación PEIM (proxecto empresarial de interese municipal): 0,00 euros.

Previsións iniciais con beneficios fiscais: 1.950.000,00 euros.

TAXA POR LICENZAS DE ACTIVIDADES E INSTALACIÓNS

Previsións iniciais sen beneficios fiscais: 100.000,00 euros.

Bonificación PEIM (proxecto empresarial de interese municipal): 0,00 euros.

Previsións iniciais con beneficios fiscais: 100.000,00 euros.

TAXA POR LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN

Previsións iniciais sen beneficios fiscais: 23.500,00 euros.

Exención vivendas de protección oficial: 1.000 euros.

Previsións iniciais con beneficios fiscais: 22.500,00 euros.

No lugar e data da sinatura electrónica

Ana Mª Martín Herrero, TÉCNICA DE TESOURERÍA E XESTIÓN DE INGRESOS

Juan González Ramírez, XEFE DOS SERVIZOS CENTRAIS



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 21/10/2025 10:25

Páxina 1 de 1

17996-407

CSV: ACA2DE-28A2E2-49A18A-MP1CHS-J29YEN-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>